

A CASA DA MIÑA AVOA




IMOS

- Coñecer a relación de Marina unha nena de 6 anos coa súa avoa Marita. Esta somete á súa neta a unha rancia educación que provoca que se revele non só con ela senón con todo o que queira corrixir o seu comportamento.
- Os cambios, os medos ao novo
- As relacións coas avoas e avós
- Debater sobre o desencanto dunha xeración

ANTES DE VER A PELÍCULA

- Que é para ti a túa avoa ou o teu avó?
- Xogas, cantas, paseas con ela/el?...
- Cántache historias? Rífate?... como son as vosas relacións?
- E a casa dos teus avós ... está cerca da túa?
- Se tiveses que mudarte de casa e/ou de cidade... que opinarías?
- Que é para ti a túa casa?, o teu barrio?, o teu cole? As túas amizades, compañeiros e compañeiras do cole...? Son o teu mundo?... que falta?

VEMOS A PELÍCULA



FICHA TÉCNICA

Dirección, guión e fotografía: Adán Aliaga

Produción: Ignacio Benedeti Cinema / Salto de Eje

Xénero: Documental

Interpretación: Marita Fuentes (a avoa Marita), Marina Pastor (a neta Marina) Miguel Such (mendigo)

País: España. **Ano:** 2006. **Duración:** 80 min

Premios:

[2005](#): Festival de San Sebastián: Nominada al Premio Hecho en España.
Festival de Chicago: Premio Chicago - mención especial

[2006](#): Premios del Cine Europeo: Nominado a Mejor documental

SINOPSE

O filme narra a relación de Marina, unha nena de seis anos, coa súa avoa de setenta e cinco anos, Marita. A película amosa as diferentes etapas da vida e costumes desta familia.

UNS APUNTAMENTOS SOBRE A PELÍCULA



No filme asistimos ao gran salto xeracional entre a avoa e a nena. Os criterios educacionais aos que a nena se ve sometida son rexeitados con rebeldía, deixando ao descuberto emocións e conflitos.

Adán Aliaga converte a estartelada casa na que ambas viven nunha personaxe máis. A casa é na que Marita leva vivindo durante cincuenta anos, construída polo seu marido. Agora, hai intereses inmobiliarios na localidade e queren obrigar a muller a marchar. Como público asistimos expectantes; ollando o relato somos as testemuñas de como un suposto progreso arremete sen contemplacións contra a dignidade dunha esforzada muller que vive este momento con coraxe, pero tamén con desilusión.

A neta Marina é impulsiva e insolente coa avoa; xuntas conviven no poboado alicantino de San Vicente del Raspeig. Iníciase todo o conflito cando unha empresa compra o terreo do edificio para derrubalo e construír un novo bloque de vivendas. Avoa e neta non sentirán a mudanza do mesmo xeito. Co documental internámonos nas emocións dunha vila que loita xunta. Coñeceremos os costumes e as tradicións dunha poboación na que Marina se sente fóra de lugar. O filme recolle a viaxe á madurez e a reflexión que vai mudando a pequena ao longo dos anos; asemade, tamén o que supón para a avoa o derrubamento do que foi o seu fogar tantos anos. Unha aposta modesta, pero que reflicte o desengano de toda unha xeración.



O cineasta centra o argumento na personalidade dunha avoa anónima que co seu tempero domina o filme e chega a comover o público. O mundo non sempre é xusto, ás veces xoga malas pasadas e a longa sombra dos pesadelos achégase sen preguntar quen os merece.

O director atopa fermosura en todos os escenarios: unha parede descascada, un atardecer nubrado, un contratempo doméstico. Hai tamén, certa melancolía na exposición desta historia sen présas, grazas a cal esvae e suaviza a nosa visión das rixideces propias do exceso da idade nun caso, e a insolencia pola escaseza de experiencia, e paciencia no caso de Marina. O filme foi realizado nun proxecto cuxo proceso durou tres anos. Neles, o director fai un seguimento a súa avoa e a súa sobriña para facer realidade este traballo.

Para el, o documental é tamén unha homenaxe e chamada de atención a todo o que envolve o grupo xeracional ao que pertence a súa avoa que, segundo el, está no borde da extinción: a riqueza cultural, as tradicións, a importancia da gastronomía e repostería tradicional...

[Avós, avoas, netos e e netos](#)



PARA TRABALLAR DESPOIS DE VER O FILME

Resume a película

1. Dirías que hai personaxes principais e secundarios? Por que? Cales serían unhas e outras?
2. Sabes que é un filme coral? Dirías que este pertence a ese xénero? Por que? Podes lembrar outros títulos semellantes que teñas visto?
3. Cal é, na túa opinión, a palabra que resume a Marita?, e a Marina? Por que? Razona a túa resposta.
4. Como vive, como se sente Neneta na súa nova vida, coa súa avoa, na casa dela, no barrio dela?. Cres que ao longo da película muda este xeito de entender a vida e de comportarse de Marina?
5. Pensas que Marina debería ter máis en conta as opinións da súa avoa? Por que?



6. Cando alguén di que quere o mellor para nós soe poñer as súas condicións?... é xusto?
7. Cres que o de ter máis idade pode ser un argumento de peso á hora de negociar un xeito de vivir ou dirías que non? Por que?
8. Sabes que é un salto xeracional?
9. Cantos modelos de familia coñeces? Cal é o que ti prefires? Por que?
10. Cres que a casa é tamén unha personaxe máis desta historia?. Por que?
11. Que fai perigar a casa na que Marita leva vivindo cincuenta anos?

12. Como vive Marita esta situación?, e Marina?
13. Como cres que inflúe un espazo concreto na vida de alguén? Tes experiencias de vivir en diferentes casas e/ou cidades?
14. Que pensas da casa de Marita? Entendes que Marina non valore do mesmo xeito todo o que a súa avoa vai acumulando?
15. Cres que o descoñecido nos asusta? Por que?
16. Pensas que os cambios na educación, nos modelos familiares, nos diferentes xeitos de vivir melloran a vida das persoas? Cres que costa moito mudar hábitos e opinións? Por qué?
17. Debería a neta tamén axustar a súa candidez infantil, a súa curiosidade e as ganas de descubrir o mundo co xeito de vida da súa avoa.



ADÁN ALIAGA

Director, guionista, produtor e fotógrafo nado en Alicante no 1969.

